



### ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

**Mesa de Contratación.** Constitúese a Mesa de Contratación integrada polas seguintes persoas:

Francisco Cacharro Gosende (presidente)  
Gonzalo Alonso Álvarez (vogal Intervención)  
Juan Ramón Costas Núñez (vogal Asesoría xurídica)  
José Javier Rivera Martínez (secretario)

Previa convocatoria ao efecto, constitúese a Mesa de contratación ás 09:00 horas do 21/09/2022, nas dependencias do Servizo de Contratación, para tratar, entre outros, os seguintes asuntos da ORDE DO DÍA:

1. Admisión de licitadores e, no seu caso, apertura do arquivo electrónico 2, criterios avaliábeis mediante xuízo de valor, referente á seguinte licitación:

—CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO DAS OBRAS DE EXECUCIÓN DA REFORMA PARA A ADAPTACIÓN Á LEI DE REGULACIÓN DO APROVEITAMENTO LÚDICO DAS AUGAS TERMAIS DE GALICIA E MELLORA DA ACCESIBILIDADE NA PISCINA TERMAL DE AS BURGAS (Expediente nº 2022024342)

2. Rogos e preguntas

3. Aprobación da acta da sesión

Por parte do secretario lémbrese aos restantes integrantes da Mesa que na sesión de 13/09/2022 a Mesa acordou conferir un prazo de tres días naturais a Coviastec SL e Oreco Balgón SL para que emendaran a documentación administrativa nos termos indicados na propia acta, de conformidade co disposto no artigo 141.2 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público.

Dáse conta á Mesa de que Coviastec SL e Oreco Balgón SA achegaron a documentación requirida dentro do prazo conferido.

Concluído o proceso de cualificación da documentación administrativa o resultado da cualificación é o seguinte

Nº	LICITADORES	CUALIFICACIÓN
1	Construcciones Orega SL	Admitido
2	Coviastec SL	Admitido
3	Oreco Balgón SA	Admitido

Seguidamente, por parte dos integrantes da Mesa procédese á apertura do arquivo electrónico, referente aos criterios avaliábeis mediante xuízo de valor, concluíndo o proceso de descifrado do arquivo ás 09:46 horas, segundo consta na plataforma Vortal.

A Mesa acorda solicitar informe técnico ao Coordinador de Infraestruturas e Medio Ambiente.

Non habendo rogos nin preguntas, a presidencia dá por concluído o acto.

A presente acta formalízase coa consideración de documento administrativo público aos efectos do previsto no artigo 26 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común





## SERVIZO DE CONTRATACIÓN

Praza de San Martiño, nº 2 -1  
32005-Ourense  
Tfno. 988 269 333  
e-mail: [contratacion@ourense.es](mailto:contratacion@ourense.es)

das Administracións Públicas, sendo asinada sen unidade de acto polas partes mediante firma electrónica ao abeiro do previsto no artigo 10 do mesmo texto legal.

Ourense, na data da sinatura electrónica.

